

32 | XULLO 2020

# NUMAX PRESENTA:

VOLVE A NUMAX

# Libraría




***Un cambio de verdad***

**Gabi Martínez**

SEIX BARRAL

19.50€




***Sopas New Campbell***

**Teresa Moure**

CUARTO DE INVERNO

15.00€




***Bestiario del norte***

**Pablo Gallo**

LA FELGUERA

23.00€




***Vacastras***

**Rosa Enríquez**

EDITORA URUTAU

12.00€




***El pan que como***

**Paloma Díaz-Mas**

ANAGRAMA

18.90€




***Encuentros con libros***

**Stefan Zweig**

ACANTILADO

22.00€




***Atlas da Galicia pequeniña***

**Jorge Campos Sánchez, César Lorenzo Gil**

AIRA EDITORIAL

19.95€




***Agnes Grey***

**Anne Brönte**

IRMÁS CARTONÉ

15.50€




***Y todo debe ser mentira***

**Blanca Varela**

GALAXIA GUTENBERG

11,50€

# Discursos en acción

01

## Conferencias performativas

**Sábado 4 de xullo**

11:30 Macarena Montesinos
Memorias dunha amnésica

13:00 Suso Fandiño
Os pintores da vida moderna. A cultura de masas nas orixes das vangardas

16:00 Alejandra Pombo
A importancia de ser iceberg

Libraría Numax

Entrada de balde
con reserva de praza no correo
comunicacion@numax.org

Iñaki Martínez Antelo
David Barro
Mónica Maneiro
Comisarios

Comisariado por PERFORMA

Co apoio da Deputación da Coruña

NUMAX




## AS NOSAS DERROTAS ESTREA 24 XUL

**Jean-Gabriel Périot, 96', FR, VOSE**

Retrato da nosa relación coa política a través dun xogo de reinterpretación, a cargo de estudantes de secundaria, de extractos de filmes do Maio do 68, combinado con entrevistas destes mozos actores. Como perciben o mundo no que medran? Quererán mudalo, destruílo ou construír un novo?

🏆 **Mellor Filme L'Alternativa 2019 e Premio CICAE Berlinale 2019**



## TODO PASA EN TEL AVIV ESTREA 3 XUL

**Sameh Zoabi, 100', ÁR, VOSE, TP**

Con Dan Kleinman, Sameh Zoabi

Salam, buscavidas palestino que vive en Xerusalén, traballa no set dunha telenovela. Todos os días debe pasar por un estrito control israelí, onde traballa Assi, o comandante a cargo do posto, cuxa muller é fan da telenovela.

🏆 **Mellor Actor Orizzonti Venecia 2018**

🏆 **Premios do Cinema Europeo 2019 (Nomeado a Mellor Comedia)**



## APOCALYPSE NOW: THE FINAL CUT ESTREA 3 XUL

**Francis Ford Coppola, 153′, ING, VOSE, +16**
Con Martin Sheen, Marlon Brando

Durante a guerra de Vietnam, o capitán Willard, oficial dos servizos de intelixencia do exército estadounidense, ten que entrar na selva de Camboxa para eliminar a Kurtz, un coronel renegado que perdeu a cabeza. Alí reina coma un buda despótico sobre os membros da tribo Montagnard.

**Versión 4K acabada de restaurar. Montaxe final supervisada por Francis Ford Coppola.**

**🏆 Palma de Ouro Cannes 1979**

**🏆 Mellor fotografía e son Oscar 1979**



## FIRST LOVE ESTREA 10 XUL

**Takashi Miike, 108′, XAP, VOSE, +18**
Con Masataka Kubota, Shôta Sometani

Leo é un boxeador mozo que atravesa unha mala etapa. Un día coñece o seu primeiro amor, Mónica, unha moza que conserva a súa inocencia a pesar de ser prostituta e drogadicta.

**🏆 Quinzaine des Réalisateurs Cannes 2019**



Subtitulado ao galego coa colaboración de Avalon e a Secretaría Xeral de Política Lingüística

## UNDER THE SKIN ESTREA 10 XUL

**Jonathan Glazer, 108′, ING, VOSG, +16**
Con Scarlett Johansson, Paul Brannigan

Unha muller misteriosa deambula polas rúas de Escocia, arrastrando a homes solitarios e confiados a un destino fatal. Adaptación surrealista da novela homónima de Michel Faber.

**🏆 Sección oficial Venecia 2013**

♫ LP
*Under the Skin (BSO)*
Mica Levi
ROUGH TRADE, 35,01€



ℹ Subtitulado ao galego coa colaboración de Acontracorriente e a Secretaría Xeral de Política Lingüística

## DERSU UZALA ESTREA 10 XUL

**Akira Kurosawa, 148', XAP, VOSG, 1975, TP**
Con Maksim Munzuk, Yuri Solomin

Kurosawa fai falar a paisaxe. Faino a través da persoa, que non do personaxe, do pequeno home, o gran cazador Dersu, que espontaneamente acompaña a expedición xeográfica.

🏆 **Mellor filme de fala non inglesa Oscar 1975**



## CUARTO 212 ESTREA 17 XUL

**Christophe Honoré, 86', FR, VOSE, +16**
Con Chiara Mastroianni, Benjamin Biolay

Tras 20 anos de matrimonio, María decide deixalo todo atrás e comezar unha nova vida. O primeiro paso é hospedarse na habitación 212 do hotel que se atopa fronte a casa onde vive co seu home.

🏆 **Un Certain Regard - Mellor interpretación (C. Mastroianni) Cannes 2019**



## A PROFESORA DE PIANO ESTREA 17 XUL

**Jan Ole Gerster, 98', ALE, VOSE, TP**
Con Corinna Harfouch, Tom Schilling

Lara é profesora de piano e ten ante si unha agradábel casualidade: o seu sesenta aniversario coincide co concerto máis importante da carreira do seu fillo, Víctor, a quen presionou desde neno para se converter en músico.

🏆 **Sección Oficial Karlovy Vary 2019**



## PAPICHA ESTREA 24 XUL

**Mounia Meddour, 106', AR, VOSE, +12**
Con Lyna Khoudri, Shirine Boutella

Alxeria, anos 90. Nedjma é unha estudante universitaria que tenta que a guerra civil non lle impida levar unha vida normal, saír pola noite coa súa mellor amiga Wassila e vender vestidos nos baños das discotecas.

🏆 **Premio do Público, Pilar Miró e Dirección novel Seminci 2019**



## BLANCO EN BLANCO ESTREA 31 XUL

**Theo Court, 99’, ESP, VO, +12**
Con Alfredo Castro, Lars Rudolph

Inicios do século XX. Tierra del Fuego é un territorio hostil e violento a onde chega Pedro para fotografar o matrimonio do poderoso latifundista Mr. Porter. A futura  muller, apenas unha nena, converterase na súa obsesión.

**🏆 Premio FIPRESCI e Mellor Dirección Orizzonti Venecia 2019**

# PASES ÚNICOS



## AYKA 8 XUL

**Sergei Dvortsevoy, 100’, KAZ, VOSE**
Con Samal Yeslyamova

Ayka acaba de dar a luz, pero non pode permitirse ter un fillo. É ilegal en Moscú, non ten traballo e ten que pagar débedas. Nin sequera ten onde durmir. Despois de parir, deixa o seu fillo no hospital, pero tempo despois tentará atopalo.

**🏆 Mellor actriz Cannes 2018**



## LAS LETRAS DE JORDI 20 XUL

**Maider Fernandez Iriarte, 70’, ESP, VO, TP**

Jordi naceu hai 51 anos con parálise cerebral. Porén, non se considera un enfermo. Comunícase a través da súa táboa de cartón. Cando tiña 21 anos, sentiu que Deus lle falaba. Porén, hoxe, Jordi está baleiro polo seu silencio.

**🏆 Festival de Donostia 2019 - Novos directores**

# INFORMACIÓN XERAL DE HIXIENE E PROTECCIÓN:

VOLVE A NUMAX

Lava as mans con xel hidroalcólico ao entrar no local

Se esbirras ou tuses, cubre a boca e o nariz co cóbado flexionado

Mantén un mínimo de 1,5 metros de distancia na cola do cinema

Emprega a máscara hixiénica

Entre sesións limpamos e desinfectamos as butacas e as superficies de contacto da sala e os aseos

Entre sesións renovamos o aire da sala

# RESERVA DE ENTRADAS E ACCESO Á SALA:

Recomendamos que merques a entrada anticipada en numax.org para axilizar o acceso á sala

A cola de acceso ao cinema farase fóra do local mantendo sempre a distancia recomendada

As portas de NUMAX abren 10 minutos antes de cada sesión

A billeteira do cinema abre 10 minutos antes de cada sesión. Agradecemos que pagues coa tarxeta contactless ou co móbil

Valida a túa entrada no punto de lectura de códigos QR

Ao remate da sesión, procura saír de maneira ordenada e mantendo a distancia de seguridade

# VOLVE A NUMAX

## HORARIOS

**Libraría**
**De luns a venres**
De 11:00 a 14:00
e de 17:00 a 20:00

**Cinema**
Consultar carteleira.
**A billeteira abre 10 minutos antes do inicio de cada sesión.**
Pódense mercar entradas anticipadas na nosa web
**www.numax.org**


**NUMAX**
Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela
www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Síguenos en @numaxcoop